



224. Chocallo

Intervención arqueolóxica: I campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, ano 1995, baixo a dirección de D. Luis F. López González.

N.º Sección: 1996/12/02

Outros n.ºs: CSM. IV.95.5.11

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes, Lugo

Tipo de colección: depósito da Xunta de Galicia

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Materia: ferro

Técnica: forxado

Dimensións: altura 7,9 cm; anchura máxima 5,2 cm; grosor 4,1 cm

Peso: 90,9 g

Conservación: boa

Uso/función: útil de gandería

Descrición: peza realizada a partir dunha chapa de ferro rectangular dobrada sobre si mesma e curvada configurando un corpo de sección rectangular con esquinas redondeadas, que se pecha na súa parte superior, na que ten unha asa formada por unha lámina plana dobrada de sección rectangular. Conserva no seu interior o badalo, formado por unha variña de sección circular que se engancha na parte superior e remata nun glande.

Bibliografía:

BARRIL VICENTE, M.: «En los orígenes: La metalistería prerromana», en *Sautuola*, t. XIII, 2007, pp. 59-78.

MOCV